



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/6
SESIÓN PLENARIA XOVES 11 DE OUTUBRO DE 2018

ACTA Nº 2018/6

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 11 DE OUTUBRO DE 2018 -

ELIMINADO POR ALUMNO UNIVERSIDAD AUTONOMA DE MADRID (FECHA: 07/12/2018)

ELIMINADO POR ALUMNO UNIVERSIDAD AUTONOMA DE MADRID

Versión imprimible

CVD: 5fzetgtmMKeuCmppyVih
Verificable en la Sede Electrónica



ACTA N° 2018/6

<p><u>Asistentes:</u></p> <p>PRESIDE: FERNANDO PEREZ FERNANDEZ</p> <p>ASISTEN: BNG JOSE ANTONIO COTOS SEOANE ALVARO XESUS GARCIA FREIRE PP OSCAR VAZQUEZ CORRAL JESUS GOMEZ GARCIA JOSE DAVID PINTOR PAZO MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS</p> <p>AUSENCIAS: BNG MARTA GARCIA SANCHEZ PP JOSE EMILIO MAHIA NEIRA</p> <p>SECRETARIO: AFONSO BIEITO LORENZO PENELA</p>	
---	--

ACTA DA ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 11 DE OUTUBRO DE 2018

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:03 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos

referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos actos dos órganos de goberno (XGL e alcaldía)
- 3.-Mocións
- 4.- Rogos e preguntas.

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 25")



A continuación o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, dá conta da acta 04/18 do 14-06-2018, que foi enviada o día 31-08-2018 e pregunta aos presentes se teñen algo que dicir respecto da mesma.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire manifesta que no informe da alcaldía, no primeiro parágrafo, cara ao final dise que "(O alcalde engade que) o secretario lle informou de que, antes do pleno, o membro do BNG Álvaro García lle pediu o informe e que lle contestara que non obraba ningún documento en secretaría". Quere que se aclare que quen informa de que "non obraba ningún documento en secretaría" foi o secretario e non o alcalde, pois a redacción é confusa. Por consenso acórdase que se efectúe a aclaración.

A continuación o grupo municipal do BNG informa de que se vai abster pois non estiveron presentes na totalidade da sesión.

O alcalde pide que quede constancia de que aos tres ou catro días da celebración do pleno veu o portavoz do BNG a pedir copia da gravación oficial e que se lle dou unha copia.

Sometida a votación a aprobación da acta 04/18 apróbase por cinco votos a favor (PP) e dúas abstencións (BNG).

A continuación o alcalde dá conta da remisión da acta 05/18 de data 16-08-2018, enviada o día 05-10-2018. O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane afirma que aínda non a recibiu polo que, por consenso, acórdase deixala pendente de aprobación para un próximo pleno.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (04' 15")

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, dende a número 13/2018 ata a 16/2018 do 20-09-2018 que se enviou o 09-10-2018, incluídas, o que confirman os concelleiros presentes que é certo, indicando José Antonio Cotos Seoane que non recibiu aínda nin a número 15 nin a 16. O alcalde do concello deixa constancia de que a José Antonio Cotos Seoane se lle remiten as actas por correo ordinario, a petición propia, e que esa pode ser a causa da tardanza no seu caso.

Confirmada a recepción das actas da XGL números 13 e 14 de 2018, que inclúen os decretos, e non habendo intervencións, pásase ao seguinte punto da orde do día.

3.- Mocións (05' 55")

A continuación dáse conta de que non momento de redacción da orde do día non hai ningunha presentada.



Tampouco se presenta ningunha neste momento, polo que se dá por pechado o estudo deste punto.

4.- Rogos e Preguntas (06' 05'')

A/ Preguntas presentadas por escrito (06' 05'').

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández informa de que non hai ningunha presentada

B/ Preguntas presentadas oralmente (06' 16'').

A continuación o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández pregunta se alguén quere presentar algunha pregunta.

O portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane critica que estamos asistindo a un pleno carente totalmente de contido, que se a equipa de goberno non se lle ocorre ningún asunto que tratar ao BNG si se ocorren varios que ían mellorar moito o noso concello. Que non veña ningún asunto pode ser porque o grupo de goberno considera este pleno un estorbo ou que non crea na democracia, que haxa debate sobre o funcionamento do concello. Que lles molesta a transparencia, pero sobre todo que o que máis lles molesta é que os veciños/as saiban o que se está facendo. Opina que a súa xestión é nula e quer eles van seguir traballando e presentando propostas.

Contesta o alcalde que os plenos ordinarios están fixados e teñen que ser cada tres meses se ben nós decidimos facelos cada dous. Neste momento coincide que non hai asuntos que tratar a parte dos que corresponden a un pleno ordinario, control dos actos do grupo de goberno, mocións e preguntas. Non hai ningún asunto dos que corresponden ao pleno que non se trouxese. Os veciños saben o que se está facendo, e que o BNG nunca trouxo ningunha proposta ao pleno.

A continuación (09' 00'') pregunta se hai algunha pregunta máis, contestando a concelleira do grupo do PP que ten unha que pasa a realizar a continuación.

I/ Situación do cemiterio (09' 00'')

A continuación a concelleira do PP, María del Carmen Torreiros Cotos pregunta polo que o cemiterio privado veciñal tarda tanto en legalizarse.

O alcalde do concello Fernando Pérez Fernández contesta que o motivo polo que tarda tanto en legalizarse é porque a propiedade, xunto coa empresa e a directora que fai as obras, decidiron non rematalas. A continuación realiza un pequeno resume do proceso de legalización deste cemiterio, engadindo que considera que é unha pregunta moi importante, xa que hai comentarios de que o concello non o quere legalizar

O resume que fai é, salvo erro, o seguinte:



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/6
SESIÓN PLENARIA XOVES 11 DE OUTUBRO DE 2018

- En agosto de 2012 preséntase a solicitude e proxecto de construción dun cemiterio veciñal.
- En setembro de 2012, un mes despois, requíreselle documentación complementaria.
- En febreiro de 2013, seis meses despois, a propiedade achega a documentación.
- En febreiro de 2013, ese mesmo mes, o concello solicita corrección de deficiencias.
- En abril de 2013, xa coa documentación completa, infórmase positivamente que se poden empezar as obras e nese mesmo mes solicítanse os informes a Calidade ambiental e a Sanidade.
- En agosto de 2013 contéstase a unha alegación dun particular.
- En marzo de 2015, case dous anos despois, a propiedade solicita a licenza de primeira ocupación, acompañando certificación final de obra, onde se describe unha modificación da xeometría e da superficie da parcela.
- En abril de 2015 o concello solicita o proxecto de segregación e agregación desas parcelas.
- En xuño de 2015 a propiedade presenta o proxecto de segregación. Nese mesmo mes recíbese o informe positivo sanitario no concello.
- En xullo de 2018 o concello informa favorablemente a segregación e agrupación, outorgándose a licenza correspondente.
- En marzo de 2018, case tres anos despois, a propiedade presenta a escritura de segregación e solicita a licenza de primeira ocupación.
- En maio de 2018, dous meses despois, realízase a visita de comprobación das obras polo técnico e máis a propiedade, faltando ou estando mal executadas en parte, do que se informa á propiedade.
- En agosto de 2018 a propiedade formula alegacións.
- En setembro de 2018 o concello contesta ás alegacións.

En resume, opina que o concello quere que se legalice canto antes o cemiterio, pero ten que actuar de acordo coa lei. Neste momento faltan dúas cousas: As beirarrúas que teñen que ter un ancho de 1,20 metros e os paramentos que ten que haber para disimulalo, tal como, insiste, estaba no proxecto que presentou no seu día a propiedade.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as 13 horas e dezaoto minutos (duración de 15' 43"), do que eu, secretario, dou fe.

Vilasantar, mércores 5 de decembro de 2018

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández